

**INFORMACIÓN XERAL SOBRE RISCOS E MEDIDAS
PREVENTIVAS (TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS) NO CENTRO
DE TRABALLO CITEEC DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA
PERSOAL VISITANTE: ALUMNADO**

Alcance: Visita por parte de alumnos aos laboratorios indicados a continuación coas seguintes actividades:

- Laboratorio de construción. Poderán ver un ensaio de tracción dunha barra de aceiro con prensa de 120 Tm.
- Laboratorios de portos: Dársena de ensaios. Poderán ver o ensaio de ondada.
- Laboratorio de portos: Poderán ver o canal de ondada en funcionamento.
- Laboratorio de hidráulica: Poderán observar o maqueta da presa en funcionamento.
- Laboratorio de estruturas: Poderán observar o túnel de vento en funcionamento.

Pautas xerais:

- Respetar en todo momento a sinalización de seguridade do centro.
- Seguir as instrucións da persoa do centro responsable da visita. Está prohibido o acceso sen o acompañamento de persoal autorizado. Cumprir as normas de seguridade establecidas.
- Debera respectarse especialmente o acceso restrinxido a:
 - o Salas con con instalacións sometidas a regulamentación de seguridade industrial.
 - o Laboratorios con riscos especiais (existencia de equipos perigosos, por radiación ionizante e non ionizante, por manipulación de produtos perigosos etc.).
Nestes casos o acceso deberá estar precedido de comunicación de información sobre os riscos existentes e as medidas preventivas a adoptar. Está prohibido acceder en solitario.
- Está totalmente prohibido tocar, utilizar ou permanecer no radio de acción dos equipos de traballo, ferramentas ou instalación xeradoras de riscos
- Empregar os equipos de prevención individual indicados polo responsable da visita en caso de ser requiridos.
- En caso de emerxencia, seguir as pautas de actuación indicadas polo centro.
- Orden e limpeza.
- Prohibido o acceso baixo os efectos de drogas ou alcohol
- Non gastar bromas durante a visita ou levar a cabo calquera comportamento que poida poñer en risco a integridade de compañeiros, profesores ou persoal do centro.

- Non obstaculizar áreas de circulación, portas de saída, acceso aos medios de extinción, portas cortalumes, etc.
- Comunicar ao responsable calquera anomalía detectada no lugar de traballo

Táboa de riscos e medidas preventivas

Riscos	Medidas preventivas
 Risco de caídas ao mesmo nivel  Golpes contra obxectos inmóbiles	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización existente ✓ Orden e limpeza ✓ Non deixar materiais nos corredores. ✓ Extremar as precaucións en zonas de paso con canalizacións, tramex, obxectos obstaculizando o paso, posibilidade chan mollado ou especialmente esvaradío, etc.
 Risco de caída a distinto nivel	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización ✓ Usar os pasamáns das escaleiras ✓ Orden e limpeza ✓ Non deixar materiais nos corredores. ✓ Respectar as zonas balizadas ou sinalizadas por prohibición de acceso ✓ Manter unha distancia de seguridade aos bordes ou desniveis perigosos ✓ Non acceder ás escaleiras que non se indiquen especificamente por parte do responsable da visita

 Risco eléctrico	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización ✓ No manipular os cadros eléctricos, equipos de traballo ou instalacións.
 Caída de materiais e obxectos	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización. ✓ Non acercarse as zonas de almacenamento.
 Riscos asociados aos equipos de traballo: caída de obxectos desprendidos ou desplomados, golpes, proxeccións, perforación, salpicaduras, atrapamentos, contactos con partes móbiles dos equipos ou instalacións, contactos térmicos, cortes, ahogamiento, etc.	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización (zonas de permanencia, emprego de proteccións nos ensaios, non permanecer nas proximidades dos equipos de elevación de cargas, gardar as distancias de seguridade aos equipos de traballo establecidas polo fabricante etc.) ✓ Está prohibido tocar os equipos de traballo, ferramentas ou instalacións.
 Risco de atropello ou golpe por vehículo	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización. ✓ Non acceder aos laboratorios se existen equipos móbiles en movemento, esperar as instrucións do responsable da visita do centro. ✓ Está prohibido empregar e tocar equipos de traballo (incluídos os

Referencia do documento informativo: UDC- CITEEC- 01

		equipos móviles).
 	Risco de incendio Explosión	✓ Atender as pautas de actuación ante situacións de emerxencia que serán comunicadas polo responsable do CITEEC que participe na visita. ✓ Localizar e ter claro o punto de reunión, en caso de dúbida preguntar. Ao acceder a cada zona recordar os medios de extinción existentes e a vía de evacuación preferente. Seguir as instrucións de evacuación do persoal do centro en caso de emerxencia. ✓ Non tirar lixo, acender chamas ou xerar calquera risco adicional de incendio ou explosión
	Contacto con produtos químicos perigosos	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita don centro en cada laboratorio e a sinalización. ✓ Está prohibido tocar calquera produto químico ou material
	Riscos especiais.	✓ Ter en conta as pautas indicadas polo responsable da visita do centro en cada laboratorio e a sinalización.

CONSIGNAS DE EMERXENCIA

ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE CON DANOS PERSOAIS

- ✓ Manter a calma.
- ✓ Actuar prontamente pero sen precipitarse.
- ✓ Observar a situación antes de actuar.
- ✓ Efectuar unha avaliación “in situ” da persoa accidentada.
- ✓ Non facer nada que non se saiba facer.
- ✓ Evitar que a persoa accidentada se arrefrie.
- ✓ Tranquilizar a persoa accidentada se está consciente.
- ✓ Non mover a persoa accidentada a non ser que haxa que evacuala.
- ✓ Non darlle de comer nin de beber se está inconsciente.
- ✓ Avisar os servizos de socorro polo medio máis rápido.

Procedemento que se debe seguir: PROTEXER, ALERTAR, SOCORRER.

Protexer: Ter a seguranza de que tanto a persoa accidentada como a que socorre están fóra de todo perigo.

Alertar: Sempre que for posible, alertar os servizos sanitarios (persoal sanitario, ambulancia, etc.) da existencia do accidente.

Socorrer: Mentres chega o persoal sanitario ou se envía (en vehículo apropiado) a persoa accidentada a un centro médico, no mesmo lugar do accidente hai que dar o socorro, comezando polo recoñecemento dos signos vitais básicos (conciencia, respiración e pulso) e dar os primeiros auxilios.

Valoración inicial dun accidente:

- ✓ Obter información sobre os danos sufridos, para o que falaremos e preguntaremos á persoa accidentada.
- ✓ Se non nos responde comprobaremos se está consciente ou non dándolle pequenos golpiños na cara e observando se move as pálpebras.
- ✓ Se non responde a estes estímulos, a persoa está inconsciente, polo que pasaremos a comprobar se respira.

Como comprobar a respiración nunha persoa inconsciente:

- ✓ Mirar se move o peito.
- ✓ escoitar a saída do aire.

- ✓ Sentir o aire quente que expulsa.
- ✓ Se non observamos nada do mencionado, significa que non respira.
- ✓ Inmediatamente comprobaremos se ten pulso.

Como comprobar o pulso:

- ✓ Colocar os dedos índice e corazón no pescozo, á beira e por baixo da noz de Adán.
- ✓ Colocar o oído sobre o peito da vítima.
- ✓ Se non sentimos nin escoitamos os latexos da vítima é que non ten pulso, o cal implica parada cardíaca.

Posición lateral de seguridade

Consiste en colocar a vítima de modo que non comprometa a columna vertebral, o pescozo ou o cranio nunha superficie plana e coa cabeza ladeada, co que podemos evitar posibles complicacións de obstrución das vías respiratorias por vómitos ou pola lingua.

ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

- ✓ Manter a calma, non gritar.
- ✓ Desconectar os polos eléctricos.
- ✓ En caso de perigo evidente non atrasarse a recoller ferramentas ou obxectos persoais.
- ✓ Avisar o antes posible as persoas responsables.
- ✓ Utilizar os sistemas de alarma do centro.
- ✓ Non exporse a un perigo por propia iniciativa.
- ✓ En caso de incendio, deixar pechadas portas e fiestras; en caso de ameaza de bomba, deixar abertas portas e fiestras. En ambos os casos, comprobar que non queda ninguén no recinto colocando algún obxecto diante para deixar claro que nese recinto non queda ninguén.
- ✓ Camiñar con rapidez mais sen correr.
- ✓ Non utilizar os ascensores.
- ✓ Nas escaleiras, non empuxar e circular polo exterior para favorecer o acceso do persoal de urxencia.

- ✓ Se existise fume abundante, camiñar agachado e cubrir o nariz e a boca cun trapo húmido.
- ✓ Se prendese a roupa, tirarse ao chan e rodar. Non correr, pois activarase máis o lume.
- ✓ Abandonado o edificio, concentrarse nun punto común seguro, comprobar se falta algún compañeiro e agardar polas instrucións das persoas responsables do centro.
- ✓ Se por algunha razón non puidese chegar a zona segura, debe facerse notar.

UTILIZACIÓN DE EXTINTORES

- ✓ Tomalo da súa localización.
- ✓ Identificar a súa idoneidade (axente extintor e clase de lume).
- ✓ Aproximarse ao lume sempre de costas ao vento ou tiro do aire.
- ✓ Achegarse con prudencia ao lume para evitar a aspiración das chamas (2-4 m.).
- ✓ Manter o extintor en posición vertical ou colocalo no chan.
- ✓ Quitar o pasador.
- ✓ Activar o extintor (segundo o tipo).
- ✓ Varrer a fronte de chama dun lado ao outro.
- ✓ En lumes verticais, apagar de abaixo a arriba.
- ✓ En lumes con obstáculo atacar con dous extintores, un por cada lado.
- ✓ Utilizalo só na primeira etapa dun incendio.
- ✓ Non inverter o extintor en ningún caso.
- ✓ Non dar nunca as costas ao lume, aínda que pareza apagado.
- ✓ Ter en conta a duración (aprox. 20 segundos) e alcance do extintor.
- ✓ Ter en conta que os extintores de po ao seren disparados poden provocar problemas de visibilidade e evacuación, ademais de estragaren aparatos eléctricos.
- ✓ En caso de extintores de CO₂ non tocar ou agarrar o extintor pola boca de proxección durante a descarga (perigo de queimaduras).



- ✓ Procurar manter pechadas as portas e fiestras para evitar explosións en chegadas de aire bruscas.

TELÉFONOS DE INTERESE	
Central da UDC (chamada externa)	981 167 000
Central da UDC (chamada interna)	9
Emerxencias	112
Concello da Coruña	981 184 200
Concello de Ferrol	981 944 000
Policía Local	092
Emerxencias sanitarias	061
Bombeiros	080
Policía Nacional	091
Garda Civil	062
Incendios forestais	085